

Proxecto EPÍSTOLA



Colección: Fondo: Lois Tobío no seu arquivo persoal

**Ficha documental da epistola de Miguel Vázquez Valiño, a Lois Tobío Fernández do
10/09/1963**

Colección:

Data: 10/09/1963

De:

Miguel Vázquez Valiño;

Para:

Lois Tobío Fernández;

Orixe:

Alberto Calamet, 4710 (de enderezo), Montevideo (local), Montevideo (departamental)

Destino:

General Moscardó, 10, 2ªA (de enderezo), Madrid (local), Madrid (provincial)

Ficha descriptiva:

[Carta mecanografada, con sinatura autógrafa e sen membrete].

Mencionados:

Pedro Couceiro; Antonio Crestar; Manuel Meilán Martínez;



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

Transcripción da epistola de Miguel Vázquez Valiño, a Lois Tobío Fernández do 10/09/1963

MONTEVIDEO 10 de Setiembre de 1963

Dr. Luís TOBÍO FERNANDEZ
Madrid

Meu estimado amigo:

Confirmando a miña carta anterior, data 6 do mes de abril, escribo a presente co profundo desexo de que se encontre disfrutando dunha perfecta saúde en compañía da sua honorable dona e fillos. Por eiquí continuamos loitando con un que outro ataque de reuma, se ven non de tanta gravidade como no pasado ano.

Na carta anterior acusaballe recibo dos tres mil pesos que o Banco de Galicia me abonou na miña conta, cousa que xa fixera denantes de eu ter recibido a sua carta, xa que por mor de folga dos empregados do correo desta cibdade a mesma me foi entregada con moito retardo.

Como vostede me anunciaba que me enviaria o saldo da conta para dentro de pouco, he polo que lle escrevo a presente por si lle fose posible facelo, pois ando apertado de diñeiro xa que estou construindo unha casa nun terreo da miña propiedade, perto do Hipódromo de Maroñas, e quixera terminala pra poñela a venda. Pois o traballo anda moi escaso e non se ven posibilidades de que millore a situación. De non ser por necesidade xa vostede sabe que non lle poñería apuro ningún.

As cousas da colectividade transcurren máis ou menos como no pasado. No mes de xulio tiveron celebracións as "Xornadas de Cultura Galega", con conferencias, aito de homaxe a procer da nacionalidade uruguaya, e findaron con un xantar en "Casa de Galicia" que resultou moi concurrido.

Por si non tivera coñecimento direille que findou na Cruña a nai do noso bon amigo Dr. Pedro Couceiro.

He sin outra cousa a decirlle reciba saudos da miña familia, Meilán, Crestar e Villaverde e unha aperta do sempre amigo

Valiño [sinatura autógrafa]

[nota manuscrita de Lois Tobío escrita posteriormente:] Contestada 24 setbre. anunciándolle que se deu orde ó A. de G. pra pagar

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.